



A Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada creouse no ano 1987 e foi ampliando, de xeito gradual, a súa oferta educativa. Esta Escola é o único centro público da comarca que imparte ensinanzas especializadas de idiomas con recoñecemento oficial. Na EOI de Ponferrada pódense estudar cinco idiomas: alemán, francés, galego, inglés e portugués.

O noso alumnado é moi heteroxéneo, tanto en idade (dos 14 anos en adiante), como en formación (estudantes de secundaria, universitarios, profesionais de distintos eidos, etc.). O único requisito necesario para entrar é ter unha certificación equivalente aos estudos primarios.

O alumnado pode elixir entre tres modalidades de ensino: presencial, libre ou a distancia “That’s English”.

- A modalidade presencial está pensada para aquel alumnado que poida asistir con regularidade ás aulas.
- A modalidade libre está destinada a aquelas persoas que só queiran presentarse aos exames para obteren as certificacións correspondentes.
- A modalidade a distancia só existe para o idioma inglés e consiste en titorías semanais na EOI e no seguimento de programas específicos que emite a TV.

A nosa escola ten recollido no seu Proxecto Curricular os seguintes obxectivos:

- Facilitar que o alumnado dispoña duns medios eficaces para adquirir o coñecemento das linguas que se imparten, así como conseguir as destrezas necesarias para o emprego deses idiomas nas distintas situacións comunicativas.
- Preparar o alumnado para unha Europa multilingüe e multicultural, así como para a cooperación e a mobilidade internacional, superando as barreiras lingüísticas e culturais e promovendo o entendemento, a tolerancia e o respecto.
- Promover o desenvolvemento de intercambios e potenciar as Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).
- Desenvolver o plurilingüismo e a interculturalidade para contribuír ao enriquecemento persoal e á apertura a novas experiencias culturais.
- Orientar o alumnado cara á adquisición de autonomía, iniciativa, técnicas e estratexias de autoaprendizaxe.
- Facilitar a introdución de novos métodos e materiais que permitan desenvolver a competencia comunicativa máis axeitada segundo os intereses de cadaquén.
- Realizar un seguimento da progresión do alumnado de xeito que sexa quen de recoñecer, analizar e superar as súas dificultades de aprendizaxe.

A EOI de Ponferrada forma parte dunha extensa rede de centros públicos non universitarios, de escala estatal, nos que se imparten ensinanzas especializadas de idiomas. Este proceso de aprendizaxe, na actualidade, desenvólvese ao longo de seis anos académicos ou de sete no caso do francés, do galego e do inglés, que son recoñecidos a través de tres ou catro certificacións oficiais respectivamente:

- Certificación de Nivel Básico (A2)
- Certificación de Nivel Intermedio (B1)
- Certificación de Nivel Avanzado (B2)
- Certificación de Nivel C1 (no caso do francés, do galego e do inglés)

O noso enfoque metodolóxico pretende capacitar o alumnado para que adquira un nivel básico, intermedio ou avanzado de competencia nas expresións e comprensións orais e escritas do idioma correspondente.